

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE HISTORIA DA MÚSICA I
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016)
CURSO 2018-19

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: HISTORIA DA MÚSICA I											
ESPECIALIDADE:	Todas								ITINERARIOS:	Todos	
CARÁCTER:	Formación básica								TIPO DE CLASE:	Colectiva	
DEPARTAMENTO:	Musicoloxía								XEFE DE DPTO.:	Sergio Añón Lijó	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:			Sergio Añón Lijó			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2	
ECTS/CUAD.	3								Observacións:		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS								EMAIL / TLF. /WEB	TITORÍA	
	Sergio Añón Lijó								sergioanonlijo@edu.xunta.es	Martes e xoves, 13:00-13:30	
	Crisanto Gándara Eiroa								xcgandara@edu.xunta.es	Luns e mércores, 13:30-14:00	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR	
Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música occidental a partir da análise, audición e o comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical e ao seu contexto cultural e social.	
COÑECEMENTOS PREVIOS	
Os requiridos na proba de acceso ao grao superior. Coñecementos básicos de xeografía, historia e historia da arte.	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
A trama que conforman os contidos das disciplinas de formación básica constitúen esa base imprescindible que permite acadar unha comprensión completa do feito musical tanto no ámbito interpretativo, como no compositivo e no pedagóxico. No caso concreto da Historia da música, existe unha complementariedade obvia coas disciplinas de Historia dos instrumentos, Organoloxía, Música e culturas e Análise.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17.
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC10, ED10, EI4, EP3.
Ver a lista e descrición de competencias nos decretos 163/2015 e 171/2016	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Valorar a música como expresión xenuína e característica do ser humano tanto a nivel individual como no seu comportamento social.	T11, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X26. EP3.
Promover unha reflexión crítica sobre o coñecemento histórico, as súas potencialidades e os seus límites.	T8, T11, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.

Recoñecer e contextualizar histórica e esteticamente cada estilo musical en función das súas características, fundamentalmente a través da audición e a análise.	T2, T4, T8, T17. X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3.
Contextualizar a creación musical na sociedade na que aparece, e relacionala co resto de actividades artísticas contemporáneas.	T2, T4, T8, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.
Comprender a importancia das civilizacións antigas na herdanza cultural occidental.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3.
Coñecer as principais características das sociedades europeas dos períodos medieval e renacentista e a súa influencia na creación musical de cada período.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3.
Adquirir coñecementos xerais sobre os procesos de transmisión da música en xeral para aplicalos á música en Occidente en sentido particular.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.
Comprender e valorar a interese artística e social da música medieval e renacentista e achegarse ás canles de investigación actuais sobre os conceptos musicais da época.	T1, T2, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.
Coñecer e entender as técnicas compositivas empregadas na música dos períodos medieval e renacentista como base da apreciación estética da mesma.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3.
Ler, analizar e interpretar textos e fontes do Medievo e o Renacemento (non exclusivamente de carácter musical), para poñer a música destes períodos no seu contexto social e cultural.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

TEMA	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A música na Idade Antiga	1.1. Mesopotamia e Exipto. 1.2. Grecia e Roma: As orixes da teoría musical. Notación musical grega. A música como ideal educativo. A traxedia. Instrumentos romanos.	1
2. A monodia litúrxica na Idade Media	2.1. As primeiras liturxias cristiás: A herdanza do xudaísmo e as liturxias primitivas. 2.2. A formación e codificación do gregoriano e a súa evolución posterior: A liturxia romana: a misa e o oficio. A evolución da notación e o sistema modal. Características xerais do estilo musical. Tropos, secuencias e dramas litúrxicos.	2
3. A monodia profana na Baixa Idade Media	3.1. Xogres, goliardos e trobadores. Tipos e formas da poesía trobadoresca. Acompañamento con instrumentos musicais. 3.2. A difusión da monodia profana en Europa: as Cantigas.	2
4. As primeiras fontes polifónicas	4.1. Descricións teóricas e exemplos da polifonía primitiva. Tipos de organa. Estilo melismático e discanto: o <i>Codex Calixtinus</i> . 4.2. A Escola de Notre Dame: métrica e notación. O quadruplum e o conductus. Nacemento e evolución temperá do motete: o <i>Codex Montpellier</i> .	2
5. O século XIV	5.1. O <i>ars nova</i> : Philippe de Vitry. O motete isorrítmico. A notación francesa no século XIV. Guillaume de Machaut. As formas fixas: <i>ballade, rondeau</i> e <i>virelai</i> . O <i>ars subtilior</i> . 5.2. O <i>Trecento</i> : Formas poético-musicais: o madrigal, a <i>caccia</i> e a <i>ballata</i> . Francesco Landini.	2
6. O século XV	6.1. O discanto inglés. A música en Borgoña na primeira metade do século XV. Johannes Ockeghem. 6.2. Josquin Desprez. Os inicios da imprenta musical e a impronta do humanismo. A música instrumental.	2

7. O século XVI (I): a música relixiosa	7.1. O auxe da Polifonía imitativa. A Reforma protestante. 7.2. O concilio de Trento e a Contrarreforma: Roma e Venecia. Inglaterra e España.	1
8. O século XVI (II): a música profana	8.1. España: cancioneros e xéneros principais. Italia: a <i>frottola</i> e o madrigal. A <i>chanson</i> francesa, o <i>lied</i> alemán e o <i>ayre</i> inglés. 8.2. Características xerais da música instrumental no século XVI: conxuntos e xéneros. Tablaturas.	2
Actividades complementarias e de repaso		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Lectura guiada e comentario de fontes	8	0	8
Comentario de audicións	10	0	10
Exposicións individuais e preparación das mesmas	4	4	8
Estudio individual	0	50	50
Actividades complementarias	4	4	8
Probas de avaliación:			
Realización das probas	5	0	5
Revisión das probas	1	0	1
TOTAL HORAS:	32	58	90

6. AVALIACIÓN

6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA

6.1.1. AVALIACIÓN ORDINARIA CON AVALIACIÓN CONTINUA

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Probas de avaliación: Poderán incluír preguntas de diversa extensión e comentarios de fontes (audicións, partituras, imaxes ou textos).	-Asimilación dos contidos. -Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados. -Coñecemento e identificación do repertorio proposto e as súas características. -Capacidade de concreción e síntese. -Capacidade para relacionar ideas e conceptos. -Capacidade para relacionar contidos de forma diacrónica e sincrónica. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Adecuación do rexistro lingüístico. -Corrección gramatical e ortográfica.	T2, T3, T8. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26.	70%
Actividades complementarias de avaliación: -Exercicios de pesca e emprego de información. -Recensións de lecturas ou audiovisuais. -Exposicións. -Comentarios ás lecturas base, traballos expostos e propostas de reflexión e debate.	-Tódolos criterios anteriores. -Participación construtiva. -Capacidade para traballar en grupo. -Claridade e orde na exposición oral. -Emprego das TIC e adecuadas ferramentas comunicativas verbais e non verbais na exposición oral. -Axeitada referencia ás fontes empregadas.	T2, T3, T4, T8. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26.	30%

OBSERVACIÓNS

- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia permitidas perderán o dereito á avaliación continua (ver avaliación alternativa).
- Incorrer en plaxio (non facer a adecuada referencia ás fontes empregadas) nalgunha actividade ou o emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida nunha proba implica unha cualificación global de 0 na disciplina.
- Poderanse conceder matriculas de honra ao 5% do alumnado coas mellores cualificacións, sempre que acaden como mínimo un 9.

6.1.2. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA)
 (Alumnos que superen as 4 faltas por cuadrimestre establecidas no centro polo consello escolar)

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Probas de avaliación: Poderán incluír preguntas de diversa extensión e comentarios de fontes (audicións, imaxes, partituras ou textos).	-Asimilación dos contidos. -Uso correcto dos conceptos e terminoloxía estudados. -Coñecemento e identificación do repertorio proposto e as súas características. -Capacidade de concreción e síntese. -Capacidade para relacionar ideas e conceptos. -Capacidade para relacionar contidos de forma diacrónica e sincrónica. -Claridade e orde na exposición das ideas. -Adecuación do rexistro lingüístico. -Corrección gramatical e ortográfica.	T2, T3, T8. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26.	100%

OBSERVACIÓNS

- Os alumnos que superen as 4 faltas de asistencia permitidas terán dereito a se presentar a un exame final na data fixada polo centro dentro do calendario de exames da convocatoria ordinaria (xaneiro). Neste exame non se terán en conta posibles reducións de materia ou calquera outra consideración feita durante as clases.
- O emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida no exame implica unha cualificación global de 0 na disciplina.

6.1.3. ADIANTO DE CONVOCATORIA

Nos casos contemplados a tal efecto e se a directiva do centro así o entende os alumnos poderán adiantar a convocatoria ordinaria a decembro, o que implica a súa avaliación segundo o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto. A data do exame será fixado e comunicado ao alumno unha vez aprobada a súa solicitude.

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria contan cunha convocatoria extraordinaria que o centro fixará dentro da primeira semana do calendario de exames (finais de xuño). A súa avaliación seguirá o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
Dificultades graves de visión	Reserva de asento na primeira fila, escritura ampla no encerado, deletreado de termos, especial atención para a resolución de dúbidas e posible adaptación das actividades de avaliación de ser preciso.

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

TEXTO BASE

Burkholder, J. Peter, Donald J. Grout e Claude V. Palisca. *Historia de la música occidental*. 8ª ed. Madrid: Alianza, 2015.

OUTROS

Atlas, Allan W. *Antología de la música del Renacimiento*. Madrid: Akal, 2002.

———. *La música del Renacimiento: La música en la Europa occidental, 1400-1600*. Madrid: Akal, 2009.

Burkholder, J. Peter, e Claude V. Palisca. *Norton Anthology of Western Music*. 5ª ed. Nova Iorque: Norton, 2006.

Cullin, Oliver. *Breve historia de la música en la Edad Media*. Barcelona: Paidós, 2005.

Gómez Muntané, Maricarmen, ed. *Historia de la música en España e Hispanoamérica, vol. 1: De los orígenes hasta c. 1470*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 2009.

———, ed. *Historia de la música en España e Hispanoamérica, vol. 2: De los Reyes Católicos a Felipe II*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 2012.

———. *La Música medieval en España*. Kassel: Reichenberger, 2001.

Hoppin, Richard A. *Antología de la música medieval*. Madrid: Akal, 2002.

Hoppin, Richard H. *La música medieval*. 2ª ed. Madrid: Akal, 2000.

Lawson, Colin, e Robin Stowell, eds. *The Cambridge History of Musical Performance*. Cambridge: Cambridge University Press, 2012.

Michels, Ulrich. *Atlas de música, I*. 3ª ed. Madrid: Alianza, 2013.

Pajares Alonso, Roberto L. *Historia de la música en 6 bloques*. Madrid: Vision, 2010.

Strunk, W. Oliver, e Leo Treitler, eds. *Source Readings in Music History*. Nova Iorque: Norton, 1998.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

RECURSOS MATERIAIS

- Ordenador con conexión a internet, canón de vídeo e encerado electrónico para a proxección dos contidos audiovisuais.
- Reprodutor multi-formato.
- Fondos bibliográficos básicos para a consulta na aula: dicionarios e manuais de referencia.
- Material didáctico: gravacións, partituras, recursos audiovisuais...